

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 13/07/2017, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

ALCALDE
José Marcote Suárez

TTES. DE ALCALDE
Xan Carlos Sar Oliveira
Soledad Vilela Romero
Teresa Fernández Martínez

SECRETARIO
José Ramón Lema Fuentes

ASUNTOS

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.-
- 2º.- Actos edificación e uso do Solo.-
- 3º.- Expediente Contratación Obra "Area Recreativa -Deportiva " .-
- 4º.- Expediente Contratación Obra " Ampliación e Mellora Camiños Municipais " .-
- 5º.- Asuntos varios.-

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **20:30** horas do día **13/07/2017** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión extraordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-

Sometida a votación a do día 27 de Xuño de 2017 é aprobada por unanimidade dos asistentes.--

2º.- Actos edificación e uso do Solo.-

OBRAS MAIORES

A) Á vista da petición formulada por parte de **MARCOS DIAZ LIRES** ó número 1863 do Rexistro Xeral de Entrada de data 21 de Xuño de 2017 sobre licenza de edificación outorgada por esta Xunta na sesión do día 9 de Novembro de 2016 e

Resultando que con data 12 de Xullo de 2017 foi emitido novo Informe en sentido favorable por parte da Arquitecta que presta servizos dentro do Departamento de Urbanismo desta Corporación, acreditado no expediente,

Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda proceder a **Modificación da licenza urbanística** antes mencionada, quedando como sigue :

A MARCOS DÍAZ LIRES e MARIA CONCEPCIÓN MARIÑO SUÁREZ, domiciliados en Santiago de Compostela, para proceder á **Construción dunha Vivenda Unifamiliar** de planta baixa e piso a emprazar nunha parcela sita na localidade de Ermedesuxo de Arriba do Termo Municipal de Fisterra, debendo axustarse na súa totalidade ó **Proxecto Básico e de Execución redactados a tal efecto polo Arquitecto, Raimundo Ferreirós Ferro de data Marzo de 2017 con visado do día 20 de Xuño de 2017** que consta no expediente; condicionada a:

a) **Formalizar á cesión de terreos mediante documento público notarial en favor do Concello nunha superficie de 80,00 m² para regularización da vía a que da fronte a parcela.**

b) Para o inicio das obras darase cumprimento ó disposto na Orde do 3 de setembro de 2009 pola que se desenvolve o procedemento, a organización e o funcionamento do Rexistro de Certificados de Eficiencia Enerxética de Edificios da Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude do que resulta condición necesaria para poder inicialas, tendo o que inscribir o edificio no rexistro o certificado de eficiencia enerxética do proxecto.

O inicio das mesmas deberá comunicarse ao Concello e que en todo caso terá lugar no prazo de seis meses desde a data de outorgamento da presente licenza xa que o seu incumprimento determinará o inicio do expediente de declaración de caducidade segundo o art. 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

c) As dúas partes da parcela con clasificación diferente quedarán vinculadas entre si xa que a piscina coincide coa liña que separa as dúas clasificacións de solo da parcela e polo tanto non se podería segregar a parcela por motivos de planeamento.-

d) O verquido da fosa séptica quedará supeditada á correspondente autorización do organismo de conca tal e como preceptúa o Texto Refundido da Lei de Augas aprobado polo Real Decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo e o Regulamento do Dominio Público Hidráulico aprobado polo Real Decreto 849/1986, de 11 de abril.

e) O estudio xeotécnico débese acometer na fase inicial de proxecto e en calquera caso antes de que a estrutura estea totalmente dimensionada, o que deberá acreditar antes ou simultaneamente á solicitude de primeira utilización da edificación.

f) O terreo comprendido entre a liña de cesión e a vía debe quedar explanado completamente á cota da mesma.

En base ao establecido no Apartado I.A.4.1. Equipamentos e aparellos do Decreto 29/2010 do 4 de Marzo polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia, o cuarto de baño da planta baixa deberá contar coa preinstalación que permita a doada colocación dun bidé.-

• En aplicación do artigo 24 da Ordenanza Reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos do Concello de Fisterra disporáse a pé de obra un cartel indicador coas dimensións de 110 cm de ancho por 80 cm de alto (un taboleiro hidrófugo con fondo branco e texto negro) que sexa perfectamente visible dende vial público e co seguinte contido :

EXPEDIENTE: 22/2016

ORDENANZA DE APLICACIÓN : Solo Non Urbanizable de Núcleos Rurais Tradicionais (NRT).-

PROMOTORES : Marcos Diaz Lires e Maria Concepción Mariño Suárez

USO : Vivenda Unifamiliar

DATA CONCESION DA LICENZA : 13 / 07 / 2017

ÓRGANO: Xunta de Goberno Local

NÚMERO DE PRANTAS AUTORIZADAS : B + 1

PRAZO MÁXIMO DE EXECUCIÓN : Tres anos

CONSTRUCTOR :

DIRECTOR DE OBRA: Raimundo Ferreirós Ferro, Arquitecto

DIRECTOR DE EXECUCIÓN MATERIAL : Saúl Muñiz Eiras, Arquitecto Técnico e Enxeñeiro de edificación

O prazo de remate das obras non poderá exceder de tres anos, nin poderán interromperse as obras por un prazo superior de seis meses, comezándose a computar a partir do día seguinte ó de recibo desta notificación.

3º.- Expediente Contratación Obra "Area Recreativa -Deportiva " .-

Visto o Programa de Axudas Leader PDR de Galicia 2014 - 2020 publicado pola Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia no Diario Oficial de Galicia número 20 de data 30 de Xaneiro de 2017 e coa finalidade de levar a cabo a execución do Proxecto da Obra denominada “ Area Recreativa-Deportiva e Parque temporal de Maquinaria Agrícola en Ermedesuxo de Abaixo - Duio - Fisterra ”, con un presuposto de execución que ascende a

cantidade de Trinta e sete mil cento noventa euros con oito céntimos (37.190,08 €) e un Imposto sobre o Valor Engadido de Sete mil oitocentos nove euros con noventa e dous céntimos (7.809,92 €) redactado polo Arquitecto Manuel Angel Marcote Escariz de data Maio de 2017 que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda:

1.- Aprobar o gasto polo importe de Corenta e cinco mil euros (45.000,00 €) para levala a puro e debido efecto, iniciando expediente de Contratación mediante contrato menor de conformidade co disposto nos Artigos 111 e 138 do Real Decreto Legislativo 3/2011 do 14 de Novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.-

2.- Requerir as seguintes Empresas Capacitadas para que no prazo de Cinco días hábiles (5) contados a partires do seguinte ó do recibo de esta comunicación presenten as súas ofertas, en sobre pechado ou lacrado, dacordo co modelo que se acompañará a cada licitador :

DENOMINACIÓN	DOMICILIO SOCIAL
Hnos Meijide S.C.	Rúa do Prado, 4.- 15155 FISTERRA
Construcciones Rostro S.C.	Rúa de San Xoán, 28.-Sardiñeiro de Abaixo 15153 FISTERRA
José Traba Pombo Construcciones Traba	Ermedesuxo de Arriba, 1 15154 FISTERRA
Jesús Castrege Durán Promociones y Construcciones Suso	Rúa Alcalde Fernández, 40 15155 FISTERRA

Asimesmo no mesmo prazo deberán presentar a seguinte Documentación :

- Declaración responsable de que a Empresa non está incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas nos Artigo 146 e 60 do citado texto legal.-

- Certificación de estar ao corrente coas súas obrigas coa Seguridade Social.-

- Certificación de estar ao corrente coas súas obrigas coa Facenda Pública.-

4º.- Expediente Contratación Obra " Ampliación e Mellora Camiños Municipais "-.

Á vista do contido da Orde do 30/12/2016 pola que establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestructuras, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o

ano 2017, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 publicada no Diario Oficial de Galicia publicado no Diario Oficial de Galicia número 14 de 20 de Xaneiro de 2017 e ,

Unha vez examinado o contido da **Resolución** dictada pola **Dirección Xeral de Administración Local** (Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza) con data **07 /07 /2017** sobre **concesión de Subvención por importe de Trinta e catro mil catrocentos catro euros con cincuenta e catro céntimos (34.404,54 €)** para levar a cabo a execución da Obra denominada “ **Ampliación e mellora de camiños municipais nos lugares de Mallas, San Martiño e Padris** ” cun presuposto total de **Cincuenta e dous mil trinta e seis euros con oitenta e seis céntimos (52.036,86 €)** incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, en base ó Proxecto redactado pola Arquitecta que presta servizos dentro do Departamento de Urbanismo desta Corporación de data 16 de Febreiro de 2016 que consta no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, **acorda:**

1.- Aprobar o gasto polo importe de Cincuenta e dous mil trinta e seis euros con oitenta e seis céntimos (52.036,86 €) para levala a puro e debido efecto, iniciando expediente de Contratación mediante CONTRATO MENOR de conformidade co disposto nos Artigos 111 e 138 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de Novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.-

2.- Requerir as seguintes Empresas Capacitadas para que no prazo de Cinco días hábiles (5) contados a partires do seguinte ó do recibo desta comunicación presenten as súas ofertas, en sobre pechado ou lacrado, dacordo co modelo que se acompañará a cada licitador :

DENOMINACIÓN	DOMICILIO SOCIAL
Ponciano Nieto González	Rúa Agra dos Cregos, 28 Baixo 15850 ZAS
Construcciones y Obras Andujar S.L.	Localidade de Vilariño s/n 15151 Dumbria
Búa Construcciones y Servicios S.L.	Localidade de Senra s/n Salgueiros 15151 DUMBRIA
Construcciones y Excavaciones Germán Mouzo S.L.	Rúa La Marina, Edif. " O Xardin " 1 Baixo 15124 MUXIA

Asimesmo no mesmo prazo deberán presentar a seguinte Documentación :

- Código de Identificación Fiscal.-

- Declaración responsable de que a Empresa non está incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas nos Artigo 146 e 60 do citado texto legal.-

- Certificación de estar ao corrente coas súas obrigas coa Seguridade Social.-

- Certificación de estar ao corrente coas súas obrigas coa Facenda Pública.-

5º.- Asuntos varios.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a Ana Maria Diaz Buiturón, veciña de Fisterra, como representante da Comisión de Festas Asociación O Val de Sardiñeiro, unha axuda económica polo importe de Trescentos euros (300,00 €) coa finalidade de sufragar parte dos gastos que se ocasionen co motivo da celebración das Festas na honra do Corazón de Xesús os días 25, 26 e 27 de Agosto de 2017 na localidade de Castrexe deste Termo Municipal.-

Unha vez rematadas deberá presentar Memoria xustificativas dos gastos executados para dita finalidade antes do 31 de Decembro de 2017 .-

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente remata a sesión, ás 21:45 horas do día de hoxe, de todo o que como secretario, dou fe.